

**Labor da terra e soño marítimo na poesía de
Antón Avilés de Taramancos**

Xosé María Álvarez Cáccamo

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ÁLVAREZ CÁCCAMO, XOSÉ MARÍA (2011 [2003]). “Labor da terra e soño marítimo na poesía e Antón Avilés de Taramancos”. En Martín Veiga Alonso (dir.), *Raiceiras e vento. A obra poética de Antón Avilés de Taramancos*. Santiago de Compostela: Laiovento, 87-107. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/140>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ÁLVAREZ CÁCCAMO, XOSÉ MARÍA (2003). “Labor da terra e soño marítimo na poesía e Antón Avilés de Taramancos”. En Martín Veiga Alonso (dir.), *Raiceiras e vento. A obra poética de Antón Avilés de Taramancos*. Santiago de Compostela: Laiovento, 87-107.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

LABOR DA TERRA E SOÑO MARÍTIMO NA POESÍA DE ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS

Xosé María Álvarez Cáccamo

A ollada simbólica

Antón Avilés de Taramancos pertence a esa estirpe de poetas que procuran entre as materias da vida propia a cerna motivadora dunha escrita transcendente. A súa obra poética descansa sobre un leito firme de experiencia vivida e percorre un camiño paralelo ao da aventura vital. Pero a vivencia evocada ou o acontecemento protagonizado desde a proximidade do presente conforman a substancia primaria dunha operación metamórfica destinada a superar os lindes de toda continxencia autobiográfica. Na lectura de Avilés descubrimos vida, ali-cercos da experiencia inevitábel, pero a biografía, a anécdota documental, fica mergullada so o peso dunha arquitectura superior na que as operacións imaxinativas e simbólicas sobardan toda mecánica especular. A súa poesía, a dunha das voces galegas máis fieis ao impulso emotivo da memoria persoal, non actúa como espello dos días senón ao xeito de lente transformadora, indagatoria e interrogativa. A de Avilés non é estética da experiencia, relato realista, senón discurso de vontade simbólica, asombro e cántico.

O asombro do neno Antón Avilés de Taramancos diante do espectáculo da natureza, ventos e paxaros, soutos e ribeiras do mundo próximo, conformou o primeiro estrato da ollada artística. A entregada aprendizaxe dos códigos simbólicos naturais, exercida desde a espontánea disposición infantil, foi creando un pouso básico de certezas e alimentando as páxinas iniciais da súa educación sentimental, contidos e perspectivas emocionais que acharán afortunada e madura canle expresiva nos seus libros de mocidade *As moradias do vento*¹ e *A frauta e -o garmelo*². Os reiterados motivos temáticos destas dúas primeiras entregas, ventos e paxaros, constitúen a primeira aportación do poeta a unha singular cosmovisión que asenta unha parte decisiva do seu discurso sobre a lectura simbólica do universo natural.

[88] No entorno inmediato do neno e do mozo Antón Avilés, a aldea de Taramancos, as terras de labradío e as ribeiras do mar constrúen a paisaxe esencial. As raíces da memoria do poeta asentan no sulco das leiras familiares e sobre a tona das augas da ría de Noia. Os labores da terra, labranza e sementeira –a grande aventura da nenez, segundo repetida confianza do poeta–, e a soñada aventura da navegación a vela, motivada pola contemplación dos maxestosos navíos que entraban de arribada na vila ou partían en novas singraduras, son

¹ *As moradias do vento*, en *O tempo no espello*, O Castro, Sada, 1982.

² *A frauta e o garmelo*, en *O tempo no espello*, O Castro, Sada, 1982.

eixos temáticos de insistente presenza e relevante significado na obra de Antón Avilés de Taramancos, especialmente desde a década dos 60, coa escrita de *Os poemas da ausencia*³.

Terra e mar. Fusión e contraste

A nostalxia de Galiza leva desde Colombia (onde Avilés viviu entre 1961 e 1980) os ollos do poeta ao territorio íntimo dos eidos familiares. Pero a pulsión evocativa non se detén na compracencia da imaxe dolorosamente remota nin se conforma coa simple definición descritiva. Antón reconstrúe o seu ser e recoñece a súa identidade nun corpo feito de materias sólidas e de substancias líquidas que significan a terra e o mar da patria distante. Sangue, soro, linfa, cuspe, esperma..., ríos interiores do eu físico a desembocar nun mar identificábel con Galiza. “Víscheras roidas de salitre, / dornas me navegan polo tórax...” (P.A., 154), di o poeta en autorretrato que conduce á identificación do seu ser co da patria distante através de imaxes de simbólico sentido marítimo. O mar circula pola súa médula. A identificación do eu poemático co seu país atinxe o extremo da consubstanciación, da fusión material. O autorretrato simbólico, dun simbolismo materialista moi singular, complétase no mesmo poema coa interiorización anatómica dalgúns atributos do universo rural e vexetal: “levo o corazón feito de trigo, / de millo temperán, de mel, de viño...” Noutro poema do mesmo libro a condición sólida das materias terrestres, de arquetípica dimensión materna, cede a súa consistencia nun proceso gradual de adelgazamento cara ao universo do líquido e [89] marítimo, entre a firmeza e a estabilidade da “nai” e a aventura inestábel representada pola “fragata”, espello simbólico que, como veremos, resulta identificábel coa experiencia real do pai mariñeiro: “Terra nai. Raiz umbilical. Seiva nutricia. / Sinto a aorta / poboada de unha esencia de fragatas.” (P.A., 151). Alén do valor paradigmático destes versos como mostra da dobre significación emparellada “terra”-“mar”, cómpre considerar a habilidade do poeta para a organización de series enumerativas graduais, neste caso entre a solidez e a intanxibilidade: terra-raíz-seiva-esencia.

Terra e mar, labor rural e aventura marítima, reiteran o seu emparellamento en novos versos de *Os poemas da ausencia* que trazan o autorretrato do poeta, o neno labrego, entusiasmado aprendiz da milagrosa ciencia da sementeira e a xerminación en mans da estirpe feminina da casa de seu, o cativo abraiado fronte á fascinante promesa de liberdade representada polos grandes veleiros. Labranza e navegación son os movementos sentimentais do magoado corazón de Avilés no “Pranto por Urbano LUGRÍS”, o amigo morto na distancia, a quen convoca así o poeta desde Colombia: “Esta noite cavo leguas / profundas de memoria pra camiñar contigo novamente, / agardo vixiante nas illas máis remotas a túa fragata, / a túa nave inconsútil.” (P.A., 167). A terra cavada conduce ao territorio profundo da memoria, rexión escura do subconsciente, territorio do soño imposíbel. A illa, patria utópica do prodixio aprendido na pintura de LUGRÍS e con el compartido nos días coruñeses da mocidade, é o lugar do soñado regreso do corpo-fragata do amigo morto.

A consciente vontade de Avilés de emparellar os significados “mar-terra” e os seus sinónimos “labranza-navegación” faise evidente na dedicatoria da 1ª parte de *Os poemas da ausencia*: “A Guillermo, meu irmán, labrego e mariñeiro”. O poeta mesmo identifícase tamén

³ *Os poemas da ausencia*, en *O tempo no espello*, O Castro, Sada, 1982. No sucesivo, as citas de versos deste libro irán acompañadas das siglas P.A. e o correspondente número de páxina, referido sempre á edición no volume recopilatorio *O tempo no espello*.

con aquela dobre entidade, topicamente representativa da poboación rural galega: “...canta en min o labrego cavador .../(...) o mariñeiro.../(...) ¡Non son un home: son un pobo!”⁴ Tal identificación procede non tanto [90] da evocación da experiencia persoal como dunha vontade solidaria: a asunción como propia da condición labrega e mariñeira do seu entorno familiar e comunal. Antón Avilés de Taramancos, ao se declarar labrego e mariñeiro está querendo situarse alén das coordenadas individuais para asumir os sinais de identidade do seu pobo.

A parella de motivos temáticos constituída polos significados “terra” / “mar” preséntase ao longo da obra poética de Avilés non só desde o interior de determinados poemas, como nas mostras que acabamos de considerar, senón sobre todo através do contraste entre diferentes apartados dalgúns libros, moi especialmente o que en *As torres no ar*⁵ establecen as seccións tituladas “Cantos a carón da terra” e “O cántico das naves: elexías do mar”, ambas de títulos moi reveladores en relación cos correspondentes eixos de contido. O tema da labranza concentra tamén a súa presenza na primeira parte de *Os poemas da ausencia*, os poemas escritos en Colombia no ano 1963, mentres, aínda que cunha mostra numericamente menos importante, as composicións de motivo marítimo se agrupan na segunda parte, constituída por textos do ano 1969. En *Cantos caucanos*⁶ son moi escasas as mostras da temática que nos ocupa, o que resulta comprensíbel se consideramos que o núcleo intencional deste libro é a evocación da experiencia colombiana do poeta, lonxe portanto das raíces da terra e do mar que conforman a paisaxe nativa do poeta e propician a simbolización a partir daquela experiencia fundacional. *Última fuxida a Harar*⁷, pola contra, retoma o motivo da terra, símbolo aquí da consubstanciación do corpo co humus orixinario, en natural conexión co centro significativo dun poemario destinado a conxurar as ameazas da morte e a transformar o terror do alén en soño esperanzado na continuidade dos ciclos. Na análise que segue consideraremos, pois, por separado, pois así se ofrecen na estrutura editorial dos libros de Avilés, os temas “TERRA (LABRANZA)” e “MAR (NAVEGACIÓN).”

O labor da terra

A identificación de Antón Avilés de Taramancos coa colectividade labrega de Galiza nace, sen dúbida, da forza da [91] aprendizaxe natural no entorno inmediato da aldea, do asombro infantil diante dos prodixios do reino vexetal, da solidariedade coas xentes do mundo rural en dura loita de supervivencia, da súa propia condición de descendente secular de labregos. Pero o poeta adopta fronte ao material da memoria en relación con estas experiencias unha disposición reflexiva, unha ollada profundadora que rexeita a simple reprodución das paisaxes e dos labores evocados. Máis que evocar, convoca, e transforma en himno, en cántico, por veces en proclama, o documento da vivencia persoal, que, con-

⁴ *Nova Crónica de Ulises*, en *O tempo no espello*, O Castro, Sada, 1982, p. 186.

⁵ *As torres no ar*, Sotelo Blanco, Santiago, 1989. As citas de versos deste libro irán desde este momento acompañadas das siglas T.A. e o correspondente número de páxina.

⁶ *Cantos caucanos*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1985. As referencias a versos deste libro irán acompañadas da abreviatura C.C. e o número de páxina que corresponda.

⁷ *Última fuxida a Harar*, Espiral Maior, A Coruña, 1992. As referencias a versos pertencentes a este libro acompañaríanse a partir de agora das siglas U.F. e o correspondente número de páxina.

ducida frecuentemente por itinerarios de rumbo épico, convértese en testemuño de dimensión colectiva. Por esta e outras vías discursivas, a palabra poética de Avilés ten contribuído decisivamente á superación dos presupostos da cosmovisión ruralista da nosa tradición literaria, nunha liña semellante á desenvolta polo poeta da Xeración do 36 Aquilino Iglesia Alvariño, aínda que con resultados estéticos ben diferentes.

Desde Colombia, a patria lonxincua entrega ao poeta unha imaxe soñada de leiras cultivadas como campos de batalla. A labranza é loita. Unha futura mocidade guerreira conquistará o ermo. O “lóstrego” bélico” fai nacer souts tépedos de mazás e pavías”. (P.A.,105) A carón da bretemosa suxerencia dun posíbel movemento de liberación nacional, estes versos de *Os poemas da ausencia* magnifican en dición épica o labor da labranza, enaltecida como vitoria da vontade colectiva fronte ao caos. Tal sentido xenesíaco fica máis claro nun poema do mesmo libro en que a figura do labrego atinxe a estatura dun deus que sostén coa dor das súas costas o peso do mundo: “Eu cantarei alegremente a túa vitoria, / escribirei a xénese do home cunha eixada: / e novas órbitas de astros supetamente nados / terán o centro elíptico na curva do teu lombo.” (P.A.; 111-112).

Sementar, cavar, ceifar... son operacións de alcance transcendente que poñen o home en contacto co misterio, co enigma cósmico. A aprendizaxe das artes da labranza e dos seus códigos máxicos, esa posibilidade de conversa silandeira coas [92] fonduras enigmáticas da terra, veulle dada ao neno Antón Avilés da man da súa avoa, Pepa da Pastora, a quen o poeta agradece en reiteradas citas ao longo de toda a súa obra aquel maxisterio técnico e espiritual. Evidénciase xa tal recoñecemento, que atinxirá unha máis pormenorizada verbalización nalgúns poemas de *As torres no ar*, na seguinte dedicatoria dun texto pertencente a *Os poemas da ausencia*:: “A Pepa da Pastora, miña avoa, que me ensinou a sementar, a penetrar os misterios da terra.” (P.A.; 134). Aquel entusiasmo do neno diante dos sorprendentes acontecementos do mundo natural fere o poeta adulto, nos arrabaldos da morte, cando nun poema de *Última fuxida a Harar* manifesta a súa destemida admiración fronte ao espectáculo da vida: “Ver abrollar as plantas, ter asombro da flor, / sentir saiba dos froitos nas enxivas, / acariciar mazairas / e o acio apiñocado de amoras para a sede.” (U.F., 19). O poema é fantástica reconstrución do aglaio virxinal e primitivo do home situado no espazo paradisíaco da primeira descuberta cósmica, o cazador no escuro á espreita da “vida recién feita, / aínda pura.” Pero aquí revélasenos tamén o titánico vitalista Antón Avilés, predisposto sempre ao gozo sensual da vida e á constante interrogación sobre os seus misterios.

O enigma enteiro da terra, da terra de labranza como matriz xerminal pero tamén da Terra cósmica, vive condensado e preserva a revelación dos seu segredo inefábel no interior do grao da semente, imaxe do ovo primordial. Para Eduardo Cirlot a semente é “símbolo das forzas latentes, non manifestadas” e tamén “centro místico, punto do que irradian todas as creacións e crecementos da vasta árbore do mundo.”⁸ Nun poema de *As torres no ar*, que condensa de xeito maxistral a metafísica “terrestre” de Antón Avilés, lemos esta declaración: “Collo o grao da semente, esa ternura / na que sostén as trabes o universo: / en tan mínima urna namorada.” (T.A., 33). Este texto lapidario e xenial, concentrada faísca da que abrollan decisivas luces de verdade, [93] tentativas de resposta á desacougante pregunta sobre os misterios da terra, eido concreto e familiar onde medra o centeo, universo

⁸ CIRLOT, Eduardo, *Diccionario de símbolos*, Labor, Barcelona, 1978, p.414.

que nos define desde a imposibilidade dos seus lindes absolutos, resume a poética terrestre de Antón Avilés de Taramancos.

A cosmovisión terreal de Avilés exprésase ademais através de determinados parentescos de carácter simbólico procedentes da tradición universal aos que o poeta de Taramancos soubo incorporar a súa particular ollada analóxica, ancorada na experiencia do entorno inmediato e peneirada através dunha óptica propia. Do vello tópico que entende a Terra como entidade feminina, portadora da capacidade de xerminación, derivan unha serie de variantes imaxinativas que constitúen atributos da muller, tanto desde unha perspectiva erótica como en conexión co motivo da “terra nai”. Ambas facetas aparecen desenvoltas na obra de Antón Avilés desde unha inflexión discursiva na que se desdubuxan as fronteiras entre paixón erótica e sentimento filial. O contacto físico –ou mesmo só contemplativo– co esplendor carnal da paisaxe colombiana provoca estes versos de *Cantos caucanos*: “Ouh terra vaxinal, barro entreaberto / co seu licor curando-me a ferida.” (C.C.; 57). En *As torres no ar*, o bosque, principio materno e feminino, útero, potencia contraposta ao carácter masculino do sol, o souto redescuberto logo do regreso á patria, no momento da recuperación entusiasta dos propios sinais de identidade, é recinto sagrado e erótico e a incursión no espazo das tebras íntimas da natureza significa a participación nun rito de liturxia carnal. A través de semellantes emparellamentos analóxicos o poeta expresa a fusión identificadora entre o seu corpo e as fonduras da materia mineral. “Eu amo as minerais entrañas do meu eido” (P.A., 103) confesa Avilés nun texto de *Os poemas da ausencia* no que se declara –outravolta, a conxugar os elementos do par simbólico “terra-mar”– “náufrago soterrado” e soña cunha soidade radical de “orfo espido, para amar con máis furia / a flor roxa do cobre e o iris do estaño”. O poema, construído sobre o equilibrio de [94] paradoxos de alcance visionario, inicia un motivo de importante rendemento e orixinal verbalización na obra poética de Avilés, especialmente desenvolto a partir de *As torres no ar*: a identificación do corpo da terra coa figura da nai. Non se trata só do uso do topos tradicional da “terra-nai” senón sobre todo da identificación da figura materna, a partir da experiencia concreta dun amor filial identificábel como realidade vivida, coas materias da terra. Cando o poeta, ferido de ausencia irreparábel, soña con “mamar leite materno no fondo dos carballos” (P.A., 103) está a declarar a súa sede de reencontro físico coa nai através das raíces do souto. É o soño da reparación, do regreso á nenez, do acougo na protección do colo materno, anxeio dolorosamente agudizado pola distancia.

Superada a dor da nostalxia logo da volta a Galiza e conxurada tamén nas páxinas de *Cantos caucanos* a saudade de Colombia, *As torres no ar* é o canto afirmativo do gozo na redescuberta do propio eu. O poeta adulto reencontrase coa súa memoria de neno no espazo dos eidos familiares e na paisaxe próxima dun mar doméstico, aínda que de portas abertas aos engados do horizonte. As dúas primeiras seccións do libro, as que mellor caracterizan a súa intención unitaria, elaboran o contrapunto entre os alicerces vitais da infancia: o principio feminino e materno, naturalmente relacionado cos labores de labranza e sementeira, e o masculino e paterno, conectado coa experiencia do mar e a navegación. Ambos conglomerados simbólicos asentán a súa necesidade en claves biográficas: a estirpe feminina da familia, a avoa Pepa e a nai Lela, como depositaria da ciencia agrícola e encargada dos traballos do campo, e a masculina, o pai, os tíos e, máis adiante, os irmáns, mariñeiros e navegantes. A vida sentimental de Antón abalou entre entre as pulsións de estabilidade –a casa como centro certo– e aventura –o barco en fuxida permanente. Terra firme, mar inestábel. O seu itinerario poético, de xeito exemplar o que se manifesta en *As*

torres no ar, discorre tamén entre os extremos contrastados da necesidade de acougo e a urxencia de cambio e así, mentres a sección titulada “Cantos a carón da terra” constitúe unha [95] indagación pormenorizada das claves semánticas da terra como espello da nai, “O cántico das naves: elexías do mar” é soño imposíbel de liberdade e paixón oceánica no que a evocación do pai, con menor presenza que a figura materna, resulta identificábel cos atributos tópicos do principio masculino.

En “Cantos a carón da terra” o poeta atinxe as raíces da propia xenealoxía, “herdo de escurecidas chamas” (T.A., 21), através da terra que o amamanta. A terra é colo e a instalación do poeta-neno nos brazos da nai telúrica significa o regreso ás orixes: “...arremeto / louco de amor no berce e vivifico-me, renaszo / no decurso das eras...” (T.A.21). É o regreso á cerna primitiva –símbolo que emparenta co mito da terra prometida, talvez a Galiza soñada desde Colombia–, e tamén a viaxe de autorrecoñecemento, extraviado como estivera o poeta durante tantos anos no labirinto da ausencia, lonxe tamén dos seus propios sinais de identidade esenciais: substancia de fillo. E o fillo retrocede no tempo cara ás orixes até atinxir o lugar onde a avoa falecida, “nai anterga ensumida na terra” (T.A., 29), continúa a vivir na historia eterna dos ciclos naturais. Cando o poeta mastiga o pan sente que bica o froito do corpo da avoa, “o froito do teu corpo semeado” (T.A., 29). Deste xeito o labor da sementeira, fecundación, creación de vida, emparenta tamén coa metamorfose dos corpos na morte. Vida e morte iguálanse na liturxia simbólica dos labores rurais, arte transcendente através do que se accede á veciñanza das grandes verdades substanciais. A avoa Pepa, “aniñada nos eidos”, regresa desde a morte á condición infantil e, portanto, coincide co neto, o poeta-neno, nesa rexión inicial. Ela é Ariadna a tecer o adival que guía a Antón no labirinto do tempo inverso, cara ao núcleo primordial das orixes. Do corpo vexetal, mineralizado no humus, da avoa falecida veñen “as raíces / minerais que sostentan / do xerme do teu colo, a miña vida.” (T.A., 29).

Esta viaxe á semente, que traza un itinerario de rutas eróticas e filiais e persegue o horizonte das orixes, fusión e confusión [96] de vida e morte, regreso á condición infantil de fillo e neto, era a preparación da última fuxida, imprevisíbel en termos de percepción racional nos días da escrita de *As torres no ar*. O regreso á nai, o diálogo coa avoa morta, a aproximación aos lindes do tempo inicial, representaba un anticipo da definitiva singradura, a que se describe con destemida lucidez en *Última fuxida a Harar*, libro onde os valores simbólicos do significado “terra” expresan a presentida consubstanciación do propio corpo co humus na morte e a permanencia dos ciclos. O diálogo que através das entrañas minerais puña en contacto o poeta cos misterios esenciais do cosmos e coa raíz mesma da súa xenealoxía será agora certeza de nova e máis radical conexión con aquela cerna cósmica e xenealóxica desde o fondo da morte.

Xa en *Os poemas da ausencia* comeza a desenvolverse o motivo do pasamento como reintegración no seo materno. Na liña de mitificación heroica do mundo rural que aquel libro traza, hai un poema onde o falecemento prematuro dun labrego significa a vitoria, a conquista da plenitude. A morte dese mozo “é como estar de novo no acougo / vaxinal dunha nai / sentirse arrodeado de garimosas vísceras” (P.A., 117). O “corpo xa confundido escuramente / na urdime xenital da nai sumersa” (P.A., 118) entrega a súa substancia ao magma do barro orixinario, os seus ollos son semente, as árbores medran desde as raíces da súa carne. A vida continúa, transformada, reintegrada nun océano subterráneo de entidade mineral que, ao mesmo tempo, é “bóveda materna”, terra nai que acolle o fillo definitivamente ancorado na plenitude atemporal da paz uterina. Morrer é regresar á nai, viaxe

á semente primordial. E cando o falecido, o presentido morto, é o propio poeta, que, doente, albisca o seu pasamento e tenta asumir as súas consecuencias en *Última fuxida a Harar*, a final inmersión do seu corpo nas fonduras, alén da confusión co magma telúrico, representará a continuidade dos labores rurais: “eu sei de certo / que seara hei de arar detrás do tempo” (U.F., 29). No reino desa nova, e talvez única, [97] dimensión transcendente, a comunidade dos mortos prosegue sen folgos a súa actividade agrícola e o poeta intensifica, agora que se sente tan perto das fronteiras do alén, o seu constante diálogo, a incesante comunicación corporal coa tribo dos antergos: “Sinto os seus dedos antigos / a percorrermos os ósos mentras aran / sen tregua na humildade” (U.F., 29). É a conversa íntima e máxica de Antón Avilés de Taramancos coas xentes da estirpe galega de seu, os que lle deron sentido á súa vida e razón á súa palabra de poeta: “Son labradores que me amasaron de boroa o tempo / para eu cantar.”(U.F., 29)

A consubstanciación do corpo co humus orixinario representa un proceso metamórfico que conduce á resurrección entendida desde unha perspectiva non espiritual. O curso da vida non se interrompe senón que modifica o seu rumbo pola vía da integración na materia vexetal e mineral. “Todo pende en que ún esteña morto / preguntando pola herba que nasce derriba”⁹, dixo Álvaro Cunqueiro, e Antón Avilés de Taramancos, que no decurso total da súa escrita ten revelado en varias ocasión a súa fidelidade ás engaiolantes propostas imaxinativas do autor de *Herba aquí e acolá*, reincide, con voz propia, na simbolización do pasamento como metamorfose de carácter material, sen concesións á óptica cristiana da resurrección da alma. Tal motivo constitúe en *Última fuxida a Harar* insistente verbalización dun soño esperanzado diante do drama radical da desaparición: “Alí estou eu de morto / dando vida ao que nasce, /son átomo e son célula que se abre a cantar / e dalle corpo á rosa” (U.F., 35). Como en Cunqueiro, o morto consubstanciado, reintegrado e disolto no magma terrestre, conservará a conciencia: “... e sinta a saiba / subir polas raíces até o corpo / dos grandes castiñeiros.”(U.F., 73). Avilés soña unha eternidade material, física, onde permanecer en actividade sensorial. O centro da sensibilidade diríxese, máis unha vez, cara ao cosmos nutricional e emblemático do mundo [98] vexetal e da labranza: “Sentir así a terra sobre o corpo / é viver permanente nas raíces (...) / sentir o tempo / quedo xa para sempre no infinito (...) / sentir a rella / abrir o sulco e ver a sementeira / desde o fondo do amor. “ (U.F., 73). A cerna desta confianza na revitalización do corpo alén da morte e a súa permanencia nos ciclos da actividade agrícola hai que procuralo nas fontes dunha tradición que explica así Mircea Eliade: “Na mística agraria prehistórica está ancorada unha das raíces principais do optimismo soteriolóxico: que o morto, igual que a semente soterrada, pode agardar a volta á vida nunha nova forma.”¹⁰

O destino final do poeta será fundirse, so a tona da terra, na corrente comunal, no unánime coro popular dos mortos soterrados, a grande familia da Galiza histórica que pervive nun alén de incesante actividade labrega, labor que outorga sentido e transcendencia ao feito da morte. O reino vivo dos mortos é a patria dun subconsciente colectivo especificamente galego que aparece ligado de xeito esencial ao traballo da labranza. Así o declara o poeta en versos pertencentes á serie titulada “Obra inmisericorde” que negan deste xeito a razón da morte: “Nesta terra non hai / mortos como nas outras. Tan só hai devanceiros,

⁹ CUNQUEIRO, Álvaro, *Herba aquí e acolá*, en: *Obra en galego completa*, vol. I, Galaxia, Vigo, 1980, p.179.

¹⁰ ELIADE, Mircea, *Images et Symboles*, Paris, 1952, en: CIRLOT, Eduardo, *Diccionario de símbolos*, Labor, Barcelona, 1978, p.53.

/xente que nos percorre o tecido das veas.” E conclúe: “a palabra labrada vén do fondo onde eles aran, cantan, / labourea nesa restreva eterna que soergue / as cúpulas da patria sempre viva.”¹¹ Esta perspectiva de fondo mítico, encamiñada á procura dos sinais de identidade dun país tradicionalmente asentado na conciencia da terra e os seus labores, achara, antes de Avilés, formulación literaria en poetas como, entre outros, o exiliado da Xeración do 36 Xesús Lorenzo Varela, quen fala así no seu poema “A Rui Xordi”: “Aramos sobre os mortos nesta terra / e o noso pan ten un sabor de ósos / familiares, irmáns.”¹² Pero Avilés invirte, como temos [99] comprobado non só na cita de “Obra inmisericorde” senón tamén en poemas de *Última fuxida a Harar*, a perspectiva óptica para situar, en sorprendente proposta visionaria, aos mortos soterrados en constante actividade de labranza, labregos eternos, teimosos mesmo logo do seu pasamento no traballo de sachar, arar e sementar. Activos no traballo sen cabo ou materia nutricia que vivifica os campos, os nosos mortos seguen vivos. Eles son, en pormenorizada e fermosa argumentación que o poeta publicou na revista Barbanza de Noia, o “sedimento da patria”. Ao pasar polos campos podemos “perceber na lentura da terra o seu suor de infindos anos de fadiga”.¹³ A substancia do noso ser colectivo está feita desa fatiga milenaria, traballo de labranza e sementeira que completa aquel outro mito da mocidade labrega en loita que representa, en *Os poemas da ausencia*, a vitoria da vontade colectiva fronte ao caos.

A terra é, pois, para Antón Avilés de Taramancos o espazo vital e simbólico dun combate de dimensión comunal que configura, na vida e na morte, algúns dos sinais de identidade de Galiza. Con terra de labranza ve conformada o poeta a anatomía espiritual do seu propio ser e aos dominios da arxila regresa, infantilizado, recuperada a súa condición de fillo, porque a terra é tamén a nai, a stirpe feminina da xenealoxía familiar. A terra é, en fin, o símbolo do acougo e da firmeza, querenza constante do saudoso aventureiro Antón Avilés de Taramancos, sempre fascinado pola sedución do horizonte por onde vía chegar a estadea arborescente dos veleiros, as camelias do mar.

O soño marítimo

Aquela fascinación nacera nos días da nenez e nunca abandonou ao poeta, a bordo sempre polas rutas dun imposible soño marítimo. A primeira singradura fantástica abrollou nos ollos admirados do rapaz e así o evoca unha páxina preciosa de *Nova crónica das Indias*: “Os veleiros chegaban do sur cargados de sal, de viño, de aceite, de laranxas, e traían un perfume mediterráneo, un aire de aventura irrepetíbel, unha canción [100] nova que se aprendía de contado nas tabernas da vila, unha habanera, acaso co vaivén das ondas, que aínda hoxe se canta sen saber de onde veu. Balandros, goletas, pícholas, pailebotes de proa afiada que viñan a varar nas ribeiras de Noia, a invernar, a reparar fondos nos estaleiros de A Barquiña. E deixaban na ría o aroma do galipote, da brea, da pintura fresca. Os rapaces coñecíámolos coma se certamente foran nosos, e debuxabamos nas libretas da escola a súa liña fermosa con ondas e gaivotas, pondo sempre o seu nome no costado de popa: Consuelo María, Maniños, Pepito Hermoso, Lealtad, Nova Flor do Barqueiro, Olga.”¹⁴ O

¹¹ “Obra inmisericorde”, *Boletín Galego de Literatura*, Universidade de Santiago, Maio, 1990.

¹² VARELA, Lorenzo, *Catro poemas para catro gravados*, en *Poesía galega*, Xerais, Vigo, 1990, p.55.

¹³ “O sedimento da patria”, en *Obra viva*, Laiovento, Santiago, 1992, p. 133.

¹⁴ *Nova crónica das Indias*, Ir Indo, Vigo, 1989, p. 42.

Olga foi para Avilés razón central do seu namoro infantil. Nel quixo ver o poeta adulto a raíz mesma da súa poética: “A semente da estética, da liberdade, da poesía, chegou a min, seguramente, de ver e de amar aquel navío.”

Os veleiros da nenez do poeta, antes de atinxir o carácter de símbolo que o mesmo Antón Iles concede nesta páxina de *Nova Crónica das Indias* e que a obra poética revela en numerosas ocasións, foron, como os labores infantis de labranza e sementeira, materia viva da experiencia encantada. O discurso simbolizador é resultado da deriva natural da memoria. O topos da navegación como espello da aventura, do suceso inesperado, soño dun futuro impredecíbel, nace no discurso de Avilés en diálogo con aquel pouso de inocente aglaio. En *Poemas soltos a Maricarmen Pereira*, o barco representa o anxeio de evasión liberadora e feliz dos namorados: “Ouh que florida nave nos agarda / tremando no mencer como unha noiva, / velas de fino liño, mastro feble/ e a voz dunha buguina, semellante / a un corazón feliz e namorado.”¹⁵ A aventura marítima atinxe noutras ocasións a dimensión heroica da identificación do poeta co seu pobo: “Olládeme no mar: que valentía / levo na miña testa mariñeira.” (P.A., 130). “Nemo” é un longo poema de tonalidade épica no que o protagonismo do destemido e revolucionario capitán do Nautilus aparece complementado coa presenza mítica de personaxes como Arthur Rimbaud ou [101] Ulises, de especial e reiterada incidencia na poesía de Antón. O mito familiarízase neste poema por mediación da figura do pai, quen, como destinatario da nostálxica confianza do fillo, equilibra a solemnidade das altas sombras heroicas: “E ver como os teus ollos, vello pai, feridos / de esculcar horizontes / amaran ese linde de camposas ilimites.” (P.A., 64). O amor das distancias inatinxíbeis emparenta, porén, o personaxe paterno cos herois que representan a aventura lendaria e a fuxida épica: Ulises, o alter ego nómada do poeta, e Rimbaud, con quen Avilés se identifica na dura afronta da última viaxe. Avilés entendeu a figura de Ulises como paradigma da permanente procura existencial: “Eu case estou certo de que Ulises descubriu América, ese paraíso mítico no que todos soñamos porque é o límite da lonxanía...”¹⁶ O propio Antón, Ulises Fingal –seudónimo herdado do seu amigo sobrenatural, o pintor Urbano Lugrís, con quen o poeta compartiu a xeografía onírica da evasión marítima–, descubriu non só aquela América mítica como contrapunto da América real da emigración, senón tamén o territorio teimosamente procurado da lonxanía, o espazo síquico da inestabilidade en loita coa pulsión do acougo e a permanencia, mar e navegación en contraste coa terra e o labor agrícola, o principio masculino e nómada fronte ao feminino e sedentario, extremos que, alén da referencia biográfica ao universo familiar do poeta, poden ser considerador como dúas facetas complementarias da vida e da obra de Antón Avilés de Taramancos. O propio poeta acertou a expresar en feliz paradoxo tal encontro de contrarios como norte da súa escrita, movida pola necesidade de “non topar acougo, nen sosego, se non se emprende de novo a andadura.”¹⁷

O engado da fuxida que abre portas cara ao rumbo da liberdade exprésase nun poema de *As torres no ar* como evocación dun sentimento infantil no que o barco, en fusión simbólica de atributos terrestres e marítimos, adopta a sedutora imaxe de “souto intrépido” e “bosque / branco sobre do mar.” [102] Fronte á inmutabilidade mineral dos eidos familiares, o navío deslumbra polo seu poder como factor de sorpresa, pola súa capacidade de

¹⁵ *Poemas soltos a Maricarmen Pereira*, en *O tempo no espello*, O Castro, Sada, 1982, p. 79.

¹⁶ *Obra viva*, Laiovento, Santiago, 1992, p. 65.

¹⁷ *Obra viva*, Laiovento, Santiago, 1992, p. 66.

movemento inesperado: “É unha expectativa. / Algo que vai partir subitamente: que levanta / áncora a cada instante.” (T.A., 57). Cando por fin se produce a partida, o navío leva con el as ansias de liberdade do rapaz: “No seu ronsel van cara ao sur os soños, van / nesa maravilla arvorada os meus anseios de voar.” O poeta adulto reconstrúe mesmo o presentimento da saudade, “a saudade en xerme” como unha das emocións que, a carón da aventura e o degaro de evasión e liberdade, acompañan a contemplación infantil dos grandes navíos. No corazón do neno fundíase o desexo de fuxir co soño do regreso e no fondo da quebrada paisaxe emocional ficaba un pouso bretemoso de saudade.

A viaxe marítima promove a saudade en varios poemas de Avilés. Trátase ás veces do afecto nostálxico provocado pola ausencia: “meu pai no paquebote / –ese castelo que por sempre cruza / polo meu corazón como unha ausencia.” (T.A., 69) Neste poema pertencente ao apartado “O cántico das naves” de *As torres no ar*, a voz do poeta, ceibe sobre a superficie oceánica, medra para traer lembranzas de outros tempos. O carácter elexíaco dos textos desta segunda parte, que contrasta coa tonalidade hímnicada dos da primeira, explícase pola imposibilidade que representa para o poeta adulto a recuperación das horas do seu soño marítimo, mentres resulta máis doado o reencontro coa imaxe do neno labrego e os seus paraísos de infancia, labor de labranza de precisos lindes biográficos, experiencia certa. O mar, pola contra, fora só paisaxe da contemplación desexante, proxecto utópico, fantasía de liberdade. Cómpre tamén considerar o peso que as figuras do pai, morto xa cando Avilés escribe *As torres no ar*, e a nai, aínda viva e moi presente no tempo daquela escrita, deben ter en relación coas respectivas disposicións elexíaca e hímnicada da segunda e a primeira parte do libro.

Pero a saudade, alén de dor de ausencia motivada pola distancia que o mar pon entre as vidas, é tamén emoción [103] consubstanciada con toda aventura marítima, estado síquico permanente dos navegantes. Hai en *Pequeno Canto* un poema onde a saudade do desnortado mariñeiro en terra e voluntariamente frustrado estudante de Náutica Antón Avilés de Taramancos procura a súa curación no acougo do amor: “Ai, que me doe o sangue de quererte / pola beira do mar! Esta saudade / de antigo gavieiro en pailebote / soio no teu amor pode coidarse.”¹⁸ Mesmo cando a navegación constitúe aventura afortunada o navegante sofre e goza aquela emoción esencial, “a longa fondura da saudade, / compañeira perpetua da feliz singradura” (U.F., 25), sentimento de raíz sobre cuxas claves existenciais ten reflexionado Avilés con especial clarividencia, como podemos comprobar por estas palabras pertencentes ao seu ensaio “Galicia no diván”, recollido en *Obra viva*: “Hai unha ánsia permanente de fundir-se, de ser un só, e desa ánsia sempre en vilo, nunca cumprida no seu desexo nace a saudade, que é unha melancolía crónica mais que tamén é un estado de felicidade porque perfila un sentimento, unha ferida na que ún se goza, que cauteriza o sentido de culpa ao mesmo tempo que serve de espora e aguillón para ter sempre presente aquilo que se ama na memoria.”¹⁹ Gozosa ferida, melancolía crónica que incita á permanencia do poeta nos eidos íntimos da memoria, a saudade facilita o regreso aos territorios da orixe xenesíaca, á cerna marítima do cosmos. Aquel día primeiro da existencia cósmica, ao que en *Os poemas da ausencia* se accede através do labor agrícola, “a xénese do home cunha eixada”, é tamén no mesmo libro fondo de mar, a acuática célula primitiva do transcendental arquetipo simbólico: “Primeiro foi o mar. O mar senlleiro /

¹⁸ *Poemas a Fina Barrios. Pequeno Canto*, en *O tempo no espello*, O Castro, Sada, 1982, p. 64.

¹⁹ *Obra viva*, Laiovento, Santiago, 1992, p. 210.

palpitación escura / única latitude de saudade”. (P.A.; 137) O vello topos do mar como símbolo das orixes renace vigorizado na voz de Avilés, quen aporta ao código clásico deste conglomerado significativo unha nota orixinal, procedente da especificidade cosmovisionaria da tradición galega: o sentimento radical da saudade.

[104] O mar comeza e inaugura a vida no poema “A nave do tempo”, pertencente a *As torres no ar*, texto desde o que o poeta recupera os días da primeira fascinación contemplativa, os veleiros como obxecto central do desexo, mentres testemuña ademais a ruína, “aterecido / de ver as vellas naus e o desastre do tempo” (T.A., 54) O poema deixa en latencia os significados que emparellan o sentido simbólico do navío cos misterios da existencia, de xeito semellante a aqueloutro, tamén de *As torres no ar*, no que a semente concentraba no seu interior os enigmas todos do cosmos e que eu considero a máis cabal manifestación da poética terrestre de Avilés. A semente e o navío como anagramas que condensan en xenial esencialidade expresiva, tecnoloxía punta da ciencia poética, o complexo mundo simbólico da Terra e do Mar.

Se “A nave do tempo” abre importantes suxerencias de aproximación ás claves semánticas do mar como ún dos dous centros significativos da existencia, a mellor poética marítima de Antón Avilés de Taramancos vibra, non obstante, no interior perfecto dos doce versos que compoñen outro poema de *As torres no ar*, o que comeza con esta constatación: “Na outra banda do mar construen o navío”. O mar da aventura e da liberdade, o océano de onde nace a vida en mágoa de gozosa saudade, caben dentro da nave que representa o corpo mesmo do poeta. Os calafates constrúen, sen conciencia da súa transcendental función creadora, a vida de Antón. Vida consubstanciada co destino dos abraiantes barcos de vela da nenez, consubstanciada tamén, como temos visto, coa arxila do berce orixinario, ao que se accede através do rito da labranza. O home é Terra e Mar, ou sexa, labranza e navegación, quere dicir: semente e navío. Nos asteleiros da Fraguíña nace o corpo-barco de Antón e o proceso costrutivo obedece as fases do deseño adámico: pezas da materia física (as cadernas, a quilla) ás que se engade o sopro anímico, o espírito: “no galipote a quencer / está o perfume máxico da vida”. (T.A.; 55) O núcleo espiritual, a esencia arrecedente, precisa, porén, dun último pulo [105] que outorgue vida dinámica, movemento, emoción e amor: corazón. A vela sente o vento, vibra o corazón, comeza a aventura da vida, que vivir é navegar. O poeta soubo manter en maxistral equilibrio ao longo dos doce versos deste poema singular dous planos complementarios de sentido: o alegórico da identificación clásica entre o barco e o corpo como vehículo da existencia e a evocación da asombrada experiencia contemplativa e soñadora do neno fronte aos navíos fondeados na enseada de Noia. O recurso da significación simbólica vén esixido polo guión. A vivencia infantil, conquistada por obra do firme anxeio de recuperación das horas primeiras do poeta logo do reencontro coa patria tantos anos distante, transcende en discurso alegórico pero no proceso imaxinativo non se perden as raíces daquela emoción evocativa.

O poema ten un antecedente na propia obra de Avilés. Trátase dun texto de *Os poemas da ausencia* que trae a nostalxia elexíaca dos veleiros e onde se invirte a función simbólica do corpo, aquí peirao acolledor da memoria e non barco navegante: “Hoxe o meu esqueleto é un gran estaleiro / a onde chegan feridos os navíos de antano, / as altas proas de brancura intacta / con nomes de muller, nomes de rosa, / nomes cheos de azul, de sal, de ondas: / – Olga, Flor do Barqueiro, Lealdade–”. (P.A.; 128). O parentesco, aínda que remoto, suxire a posibilidade dalgún eco na memoria. En todo caso, o símbolo do corpo-asteleiro, receptor da lembranza ferida, convoca tamén as paisaxes da nenez e recibe os nomes, ou sexa a rea-

lidade mesma, dos barcos míticos, entre eles o Olga, semente da estética e do soño de liberdade de Antón Avilés de Taramancos.

A navegación da vida é urxente e tensa viaxe de retorno en poemas de *Última fuxida a Harar* desde os que o poeta loitaba contra as ameazas da definitiva singradura. Avilés quería, máis que nunca, deter a maré do tempo. Xa non era cuestión de deleitarse na evocación ou na recuperación dos sinais de identidade equencidos na ribeira da nenez. Agora é preciso regresar de vez e para tal aventura convoca o poeta en diálogo [106] autorreflexivo de eu no espello ao capitán do navío para que prepare os instrumentos de a bordo: “Meu capitán, é hora, é hora / de limpar os fanais, os astrolábios, / de abrir as caixas de ébano...” (U.F. 47). Disposta a embarcación, ordénase a partida: “É hora capitán, collamos rumbo / de cara o tempo que ficou no olvido, / ese espello de brétemas que ás veces / se ilumina no fondo da memoria / e fai brillar en lampos unha tarde / que nunca volverá. Pero está viva.” (U.F.: 47)

Máis grave resulta o contraste entre a existencia desexada e a morte inminente noutro poema do mesmo libro en que os signos da vida sobre o mar, latexos e rumores, o xesto súbito da vela contra o fondo azul, a tarde a ferver, o amor dos barcos que veñen “das idades do soño”, agudizan a dor da conciencia ferida de fugacidade. Entre os navíos que labran as rutas luminosas da vida, o barco de Antón, o seu corpo ameazado, navega un rumbo de velocísimo destino sen retorno: “Os barcos aran ouros na poeira do sol, / e vén a miña nau trazando a súa / derrota inexorábel: O tempo é un suspiro.” (U.F.: 45) Aquel martelar dos calafates que resoaba na mañá primeira, na hora inicial da construción do corpo, foi logo suspiro de vertixe que se esvaeu para desaparecer no instante do por do sol.

O mar de Antón Avilés de Taramancos é o espazo da liberdade e da aventura, escenario fantástico e páxina azul para os nomes míticos dos navíos, sementes da súa poética marítima, océano da saudade esencial e da nostalxia concreta, incitador do anxeio de evasión nómada contra a querenza do acougo terrestre, camiño sempre recomezado por onde o corpo-barco do poeta tece a viaxe heroica de Ulises Fingal. A súa viaxe, encetada en arreendo de galipote, remata no sopro final daquel suspiro, “entre ouros e motoras que lle dan ao silencio / rumor evanescente de viver.”

[107] As trabes do universo

O complexo conxunto significativo “TERRA-LABRANZA” e “MAR-NAVEGACIÓN”, concentrado en senllas referencias obxectuais de tensa precisión –a semente e o navío–, alén de manifestación da experiencia concreta do autor e, portanto, produto dunha necesidade expresiva e indagatoria inevitábel, conforma un par simbólico de reiterada e decisiva presenza ao longo de toda a súa obra, moi especialmente a partir de *Os poemas da ausencia*. O dinamismo de ambos conglomerados simbólicos asenta tanto na diversidade das súas notas significativas, procedentes dunha lectura libre de certos motivos tradicionais ou investidas dun carácter notábelmente orixinal, como da propia entidade activa e móbil da súa natureza semántica. “Terra” e “mar” non constitúen na obra de Avilés temas paisaxísticos, superficie estática contemplada e interrogada en procura de claves de sentido. O poeta intervén activamente sobre a materia da súa indagación, cava na terra, intérnase na matriz mineral en persecución da cerna orixinaria ou soña cunha navegación heroica que lle entregue o segredo da saudade, mergúllase na terra e labra o mar, persegue,

teimoso, a outra dimensión da existencia. Escrita de vontade transcendente, a poesía de Antón Avilés constrúe, a partir das coordenadas inmediatas da experiencia íntima, sobre todo a da nenez e a adolescencia vividas en Taramancos e Noia, un dos discursos máis sólidos e de máis ambiciosa proxección colectiva e universal de toda a nosa literatura.